

11 de
NOVIEMBRE
2023



cegal
librerías
de españa

TODOS
TUS
LIBROS
.COM

Lectura infinita
lectura-infinita.com

MINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE

DIRECCIÓN GENERAL DE LIBROS,
DEL CÓDICE DE LA LECTURA

Chorima

Recoméndache...


Literatura infantil e xuvenil

Recomendámosvos este título, en galego ou en castelán, que tanto nos gustou ás bibliotecarias do Lamas de Castelo:

Paula Carballeira

13 avisos

Un libro para gozar da lectura de historias arrepiantes, ben abrigadiños e ao carón dunha lareira ou cheminea (ou estufa, a falta dela) nestes bretemosos e húmidos días de outono...



«O medo avisa cando chega. Un sopro de aire frío. Un arrepío polas costas. Un corazón que latexa. Algo que non vemos, pero sabemos que está. Algo que sentimos, ou que presentimos. Estes contos son para ler de noite, **SE TE ATREYES.**»



Trece cuentos se van encadenando con outros textos que sirven como portas de entrada acompañados por ilustracións sugerentes do artista italiano Davide Abbati.



Chorima




Bibliotecas
escolares
de Galicia



Unha colaboración da Biblioteca Escolar

Recomendacións de Jesica para os máis pequenos:



Contos e lendas arraianos, de José Rodríguez Cruz e ilustrados por Pilar Sevillano.

Os contos e lendas tradicionais constitúen un dos tesouros máis interesantes do patrimonio cultural popular. Transmitidos de boca en boca ao longo das xeracións, en moitos casos ao longo dos séculos, son manifestacións artísticas da fantasía colectiva e conteñen un reflexo dos medos, as esperanzas, o humor ou os soños dun pobo.




Burbullas de calma serena, de Andrea Maceiras e ilustrado por Irene Sanjuán.

Casiopea é unha gata doméstica e moi tranquila. Non imaxina que será a primeira gata de Agarimo en ver un alien, tampouco que o acollerá na súa casa nin o desastre que se vai formar.

Por outro lado, Alma vive con ansiedade a chegada dos seus tres terribles curmáns: Noa está sempre enfadada, Luc non para de chorar e Nico só cala e observa.

Malia todo, Agarimo non é un lugar tan tranquilo como parece... E un alien capaz de fundir todas as luces da urbanización cando perde os nervios non é un segredo fácil de agochar. Se cadra, no planeta Sosego teñen razón e a calma é a solución perfecta...



Velloucas & Minchas, de Lorena Conde.


Despois do “suceso”, a Sofía non lle queda outra que ir pasar parte do verán ao piso da súa avoa Rosa en Veigamoia, onde parece que nunca acontece nada. Unha vez alí, a rapaza decátase de que o ambiente na vila está enrarecido, de que a xente escapa da súa avoa e das súas amigas cando van pola rúa, de que reciben chamadas telefónicas no medio da noite e de que sofren actos vandálicos no edificio. Coa mosca detrás da orelha, Sofía decide pescudar. Non lle gusta nada o que descobre, se hai algo que non pode soportar, son as inxustizas. Coa axuda da súa mellor amiga Gabri e as boas persoas da vila, trata de resolver o sarillo no que está metida a avoa Rosa e mais as súas amigas e veciñas Gloria e Lita. Conseguirano?

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Unha colaboración da Biblioteca Escolar

Literatura xuvenil



Os corpos invisibles, de Emma Pedreira


L. C. é unha rapaza de quince anos que traballa desde os oito nunha fábrica téxtil de Londres en plena Revolución Industrial, onde as nenas escravas son parte da produción en cadea.



Nubes de evolución, de Emma Pedreira

Nubes de evolución relata a historia de tres personaxes: un profesor frustrado, unha nai adolescente e un rapaz perdido, que só teñen en común o seu paso cotián pola estación de autobuses.

Sempre vai frío na estación de autobuses. Aquel frío que xea a manda, a rapaza de dezanove anos que traballa de limpadora, que todas as noites lle conta a Ánxela, a súa filla dun ano, todo o que alí lle aconteceu... e que persegue a Uxío, o rapaz loiro coa ruptura coa súa moza e o divorcio de seus pais ás costas... ou Luís, o home do paraugas, profesor de instituto afogando na soidade... As vidas dos tres cruzaranse cando Amanda teña que limpar unha pintada nunha das plataformas de chegadas.



FURIA, de María Reimóndez

XV Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2023.

Unha reflexión sobre os afectos e o valor verdadeiro, un canto de amor ao boxeo e unha constatación da importancia de termos sempre alguén na nosa esquina que nos guíe á hora de evitar os golpes eludibles e nos acompañe para encaixar os inevitables.



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Unha colaboración da Biblioteca Escolar